

**NOTA DE PRENSA 075/23
10 DE SETEMBRO DE 2023**

ÉXITO DE PARTICIPACIÓN E PÚBLICO NO 83 AUTOCROSS DE ARTEIXO

O Campionato Galego de Autocross retornou despois dun merecido descanso estival para afrontar a 83 edición da proba de Arteixo.

Con unha excelente lista de inscritos e abundante público nos graderíos do trazado coruñés, as probas desenroláronse sen grandes sobresaltos salvo algúns lances de carreira habituais e un forte trebón antes da celebración das finais, nunha xornada que confirma a mellora do estado de saúde desta modalidade en Galicia.

Na clase I (-1,600), o primeiro lugar da clasificación foi para Manoel Felipez, con José Antonio Cambón e Manuel Uzal xusto a continuación.

Felipe Santos foi o vencedor da Clase II (+1,600) no circuito de Arteixo. Completaron o podio desta poboada categoría, Cristian Gómez e Daniel Castro.

Na sempre apaixonante modalidade carcross, a Clase III, victoria para Javier Ramilo. A tan só dúas décimas de segundo do vencedor situouse Antón Muiños e terceiro foi Alberto Lorenzo, a algo máis de tres.

Na clase VI, na que non houbo final, o mellor logo das dúas clasificatorias foi José Carlos Mallo. Completaron o podio Sabino García e José Landeira.

Por último, nos carcross júnior (Clase V), primeiro posto da clasificación final para Diego García, seguido de Yesica Lorenzo e Iago Rodríguez.

Ao término da proba, e como sinal de respecto por Bárbara Gómez Oubel e apoio a Celestino “Tinín” Iglesias, non se realizou a tradicional entrega de premios aos vencedores e no seu lugar gardouse un minuto de silencio.